



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



OPEN SALMÓNIDOS LANCE LAGO BEIRA

11 DE MARZO DO 2023 - EMBALSE DA FERVENZA
RIO XALLAS

PROGRAMA

07,30 h. Recepción dos participantes no escenario da proba.

08,30 h a 09,10 h 1ª Manga.

09,25 h a 10,05 h 2ª Manga.

10,20 h a 11,00 h 3ª Manga.

11,15 h a 11,55 h 4ª Manga.

12,10 H a 12,50 h 5ª Manga.

Pausa

14,00 h a 14,40 h 6ª Manga.

14,55 h a 15,35 h 7ª Manga.

15,50 h a 16,30 h 8ª Manga.

16,45 h a 17,25 h 9ª Manga.

17,30 h a 18,30 h fin da competición, publicación de clasificacións e entrega de premios

BASES

Todo ao longo da competición queda prohibido o consumo de tabaco e bebidas alcohólicas, mesmo a posesión destas últimas. Esta prohibición afecta a toda a estrutura federativa en todo o escenario.

Xurado: a súa composición darase a coñecer na reunión para o sorteo de postos.



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



O deportista só poderá ter unha cana en acción de pesca. Non obstante, poderá dispoñer dunha ou máis canas de reposto.

MATERIAL PERMITIDO

1. Canas. De uso comercial, cuxa lonxitude non exceda de 366 cm. (12 pes).
2. Carretes. De uso opcional sexa manual ou automático, de bobina fixa ou xiratoria.
3. Sedelas. Exclusivamente de monofiamiento nos seus diferentes tipos e grosos.

Cebos: culleriñas, moscas artificiais (secas. Afogadas. Estrímeres, etc..), peixes artificiais e vinilos, equipados exclusivamente con un anzol simple e sen arponciño.

Culleriñas: xiratorias ou ondulantes simples en calquera das súas variantes e cun só anzol, pero sen plumas, pelos, la, etc.

Moscas ou semellantes: Un máximo de tres moscas artificiais co uso da boia.

É imperativo que os anzois, tanto das moscas como das culleriñas, peixes e vinilos, estean desprovistos de arponciño ou semellante. O incumprimento desta norma significará a expulsión inmediata e definitiva da proba ou dos adestramentos previos.

PERMÍTESE

Entrar na auga sen entorpecer ou molestar na acción de pesca aos postos lindantes.

O uso dun redefol dunha lonxitude máxima de 3 metros de longo.

Un máximo de 3 moscas ou semellante no aparello. Poderán estar montadas por riba ou por baixo da boia e a distancia entre elas será discrecional.

Engados (moscas): os streamers e as moscas artificiais afundidas ou flotantes montadas sobre anzois simples.

As moscas lastradas sempre que o lastre se tape cun revestimento, que en ningún caso pode pasar da curva do anzol.

As ninfas só poden ter un adorno visible que mida coma máximo 4 milímetros.

NON SE PERMITEN

Anzois con arponciño. Deben estar sen rebaba algunha, de modo que non ofrezca resistencia algunha ao desanzoado.



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



As moscas cuxo corpo estea moldeado de plástico, goma ou silicona e as imitacións de vermes con estes materiais.

Utilizar boias ou buldós corredizos sobre a sedela ou baixo de liña. Terán que estar anoados á mesma, sen posibilidade algunha de deslizarse.

FASES DE PESCA

A proba constará de 9 mangas. Cada deportista fará de control do deportista que pesque a súa esquerda, agás o que pesque no penúltimo posto, que controlará ao da súa esquerda e ao da súa dereita. Ao final de cada manga é obrigatorio enviar ao grupo de wassap da competición o resultado do deportista que se controlou, mesmo se o resultado é 0.

Fin da manga: No caso de que un deportista acade unha captura nos últimos minutos, disporá de 5 minutos suplementarios para cobrala. Este tempo perderao do descanso e, de ter que pescar na seguinte manga, iniciará a acción de pesca no horario previsto.

Escenario: será sector único dividido nun número de tramos igual ao do número de deportistas inscritos.

Sorteo: será sorteo puro e duro, que se fará antes do inicio da proba. Presentarase un cuadrante coa rotación de postos e cada posto terá asignado un número. O deportista que saque un determinado número de dorsal no sorteo terá que pescar nos postos aos que lle corresponda ese número.

Clasificación: farase unha clasificación por cada unha das mangas. A clasificación final farase coa suma de postos de tódalas mangas pescadas. Será o primeiro clasificado aquel deportista que obteña o menor número de postos, e así sucesivamente.

O valor dos ceros en cada manga será o resultado obtido coa suma dos deportistas que pescaron máis un (P+1) ao que se lle sumará a división dos que non pescaron por dous (NP:2). Exemplo: Os deportistas participantes son 15, nunha manga pescan tres e os outros fan cero. 3 máis 1 máis a metade de 12 igual a 10. Nesa manga o cero terá un valor de 10 postos.

SISTEMA DE PUNTUACIÓN

De 19 a 50 centímetros	1100 puntos.
De 50 a 60 centímetros	1300 puntos.
De 60 a 70 centímetros	1500 puntos.
Máis de 70 centímetros	1700 puntos.



Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org



Para calquera imprevisto ou situación non contemplada nestas bases, será o comité da proba que tome a decisión final, que será inapelable.

Os catro primeiros clasificados formarían a selección galega que representase a Galicia no campionato nacional de salmónidos artificiais 2023.

A inscrición e participación nesta competición implica a aceptación das presentes bases.

Entorpecer ou alterar o normal decorrer da competición será motivo de expulsión da mesma.

INSCRICIÓN

Deberán facerse ao correo delegadocoruna@fgpesca.org achegando o xustificante do ingreso de 20.- € feito na conta IBAN ES34 2080 0176 9630 4001 0672 baixo o concepto Autonómico Salmónidos lance Lago 23, ata o 14 de xaneiro 2023 ás 18,00 horas. O motivo deste adianto nas inscricións é que ao ser esta competición fóra do período hábil de pesca, e como se van solicitar autorizacións para facer adestramentos os días 11, 18 e 25 de febreiro, necesitamos tramitar este expediente cunha antelación prudente co fin de evitar sustos ou présas innecesarias a última hora.

Para que esta competición se desenvolva cómpre que haxa unha participación de coma mínimo 12 deportistas.

NOTA IMPORTANTE

A organización non servirá nin fará servir ningunha sorte de avituallamento.

Tanto os deportistas inscritos coma os clubs aos que representen deberán de estar ao corrente das súas obrigas coa Federación Galega de Pesca e Casting na tempada 2023. Será tamén necesario estar en posesión das licenzas de pesca e federativa en vigor.

Inscribirse nesta competición significa aceptar ser incluído no grupo de wassap da mesma sen previa solicitude de autorización.

D. Juan Ramiro Agra Requeijo
Presidente do Comité de Salmónidos da FGPeC